



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Secretaría Xeral Técnica



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E I-LAB CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO S.L, PARA POSIBILITAR O DESPRAZAMENTO DE ALUMNADO DISCAPACITADO A CENTROS EDUCATIVOS RADICADOS NA PROVINCIA DA CORUÑA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, **DECLARA:**

Que esta consellería ten previsto formalizar con I-Lab Centro Especial de Empleo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 12 de setembro de 2016 ata o 23 de xuño de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A mutua colaboración a fin de posibilitar o desprazamento do alumnado discapacitado que figura na memoria de detalle do servizo da entidade, anexa ao convenio, dende os seus domicilios a centros educativos radicados na provincia da Coruña (ida e volta) que asemade se detallan, todos eles radicados na provincia da Coruña.

Igualmente, este convenio posibilitará o seu traslado a/ou desde os centros nos que reciba tratamento rehabilitador cando o dito tratamento coincida co horario escolar.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.



Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

I.- Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria é o departamento autonómico que ten atribuídas as competencias en materia de xestión, control e coordinación do transporte escolar na Comunidade Autónoma de Galicia, e as exerce coa finalidade de garantir o dereito de acceso ao ensino de todos os escolares galegos.

II.- Que dentro do colectivo escolar galego existe un conxunto de rapaces e rapazas con distintos tipos de discapacidades que, necesitando utilizar o transporte escolar para asistir a clase, precisan dunha atención específica e personalizada de acordo coas súas necesidades particulares.

III.- Que I-Lab Centro Especial de Empleo S.L é unha entidade sen ánimo de lucro, que ten como fin estatutario a integración laboral de persoas con discapacidade en centros especiais de emprego procurando por tanto a defensa dos intereses das persoas discapacitadas, co obxectivo último de acadar a máxima atención social á problemática que presentan, así como lograr a súa propia recuperación, rehabilitación e integración na sociedade, para todo o cal colabora con organismos e entidades relacionados coa problemática das persoas discapacitadas, consciente da necesidade de atención especial e individualizada que requiren estas persoas.

IV.- Que ámbalas dúas partes están interesadas na mutua colaboración a fin de facilitar a este alumnado os recursos necesarios que lles permita ser escolarizado, aínda que sufra calquera tipo de incapacidade, xa sexa permanente ou temporal, que impida o emprego do servizo de transporte escolar ordinario.

V.- Que a problemática habitual de grandes discapacidades require contar con entidades especializadas e cun amplo bagaxe de experiencia, que faciliten, non só vehículos especialmente adaptados ás doenzas, senón tamén a atención persoal e individualizada



derivada do coñecemento práctico das limitacións físicas e psíquicas do alumnado e do control dos protocolos de actuación a aplicar nos casos de urxencia suscitados durante o transporte dos escolares.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

(asinado dixitalmente)

